



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE XUÑO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as dez horas e cincuenta e nove minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de xuño de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202506260859260000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE ABRIL DE 2025, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2025, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2025 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 13 DE MAIO DE 2025

Acceso á videoacta – 00:00:34 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2025, á sesión extraordinaria do día 21 de abril de 2025, á sesión extraordinaria e urxente do día 21 de abril de 2025 e á sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2025, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2025, á sesión extraordinaria do día 21 de abril de 2025, á sesión extraordinaria e urxente do día 21 de abril de 2025 e á sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2025, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2025, da sesión extraordinaria do día 21 de abril de 2025, da sesión extraordinaria do día 21 de abril de 2025 e da sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2025.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ESTABLECIMENTO DA XORNADA DE TRABAJO DE 35 HORAS SEMANAIS

Acceso á videoacta – 00:01:02 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 13 de xuño de 2025 (CVD: fU0IR7UafsNO83EQq4oH), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 19 de xuño de 2025, que transcrita di:



«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

En relación coa xornada de 35 horas semanais a recoller no Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal deste Concello Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data do 10 de xuño de 2025.

Visto a dilixencia emitida pola Interventora Municipal con data 12 de xuño de 2025.

Vista que con data 13 de xuño de 2025 celebrouse a Mesa de Negociación.

Por esta Concellería Delegada da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDO** a adoptar:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 9 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre, que queda redactado como segue: “Artigo 9.- Xornada de traballo. A xornada de traballo será de trinta e cinco (35) horas semanais en réxime de horario flexible”.

SEGUNDO.- Modificar o apartado 1 do artigo 10 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre, que queda redactado como segue:

“Artigo 10.- Horario de traballo. 1.- O horario laboral para poder cumprila xornada será de luns a venres de 08:00 a 15:00 horas”.

TERCEIRO.- Modificar o artigo 12 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre, que queda redactado como segue:

“Artigo 12 Con carácter xeral, e sen prexuízo das medidas de flexibilización previstas no Plan de Conciliación do Concello de Cambre, o horario laboral será de 08:00 a 15:00 horas, agás no período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ámbolos dous incluídos, no que o horario laboral será de 08:00 a 14:00 horas. Isto equivale a 1.465 horas de traballo efectivo de promedio en computo anual, sen prexuízo das maiores horas que en cómputo anual poida realizar aquel funcionario que disfrute as súas vacacións no período indicado do 15 de xuño ao 15 de setembro, as cales non serían compensables”.

CUARTO.- Remitir o presente acordo á oficina pública correspondente e proceder a súa publicación no BOP de acordo co artigo 38-6 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Intervenien a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 13 de xuño de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto



Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 13 de xuño de 2025 (CVD: fU0IR7UafsNO83EQq4oH), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

2.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:21:15 horas

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción da Alcaldía relativa ao recurso de reposición interposto pola concelleira María Dolores Pan Lesta contra acordo plenario adoptado en sesión de data 13 de maio de 2025, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción da Alcaldía de data de data 20 de xuño de 2025 (CVD: Vp0cuvZ10sgk841VYppa), que transcrita di:

«MOCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o recurso de reposición interposto pola concelleira, voceira do grupo municipal Unión x Cambre, María Dolores Pan Lesta por escrito de data 3 de xuño de 2025(núm. rexistro entrada 20259990003272) contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 13 de maio de 2025 relativo á comparecencia do Concello de Cambre nas dilixencias previas procedemento abreviado 0001700/2024 que se substancian no Xulgado de Instrucción número 3 de A Coruña.

Visto o informe de secretaría de data 20 de xuño de 2025 (CVD: lz9XgRejR03v0vw16fJd) que, transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Recurso de reposición interposto pola concelleira María Dolores Pan Lesta contra acordo plenario adoptado en sesión de data 13 de maio de 2025.

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, cumprimentado a Providencia da Alcaldía de data 18 de xuño de 2025(CVD: FHRUtC2+uUJFYM6iv5lw) emite o seguinte INFORME:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

ANTECEDENTES



Como antecedentes fácticos máis salientables a efectos do que logo se dirá cómpre sinalar os seguintes:

I.- O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 13 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“6. PROPOSTA RELATIVA Á COMPARECENCIA DO CONCELLO DE CAMBRE NAS DILIXENCIAS PREVIAS PROCEDIMENTO ABREVIADO 0001700/2024 QUE SE SUBSTANCIAN NO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚMERO 3 DA CORUÑA

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: LgG6iqimpXs7Sq12+75), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 7 de maio de 2025, que transcrita di:

«**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que no Xulgado da Instrución número 3 de A Coruña se sustancian as Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0001700/2024 .

Considerando a obriga deste Concello de protexer e defender o seu patrimonio, así como a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos (artigo 68 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Visto que a competencia para comparecer como acusación particular nas referidas dilixencias correspóndelle ao Pleno da Corporación dacordo co disposto no artigo 64.2 I) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia , precepto que atribúe ao Pleno, entre outras, a atribución relativa a” I) Ejercitar las acciones administrativas y judiciales” sen ningunha limitación nin exclusión por razón da materia.

Considerando, polo tanto, á vista do disposto no precepto da Lei autonómica citada que o escrito remitido pola anterior alcaldesa ao Xulgado en data 28 de febreiro de 2025 comunicando a non personación do Concello (núm. rexistro saída 20250000000668) carece de validez ao terse adoptado por un órgano manifestamente incompetente, sen someter ao Pleno Corporativo a decisión, cando , a parte de ser o competente segundo o precepto legal citado é este o máximo órgano representativo e o que ten atribuídas as funcións de fiscalización e control.

Considerando, ademais, que dado que o ordenamento penal tutela bens xurídicos de diversa índole, e que xunto a bens xurídicos individuais, protexe tamén “bens xurídicos colectivos”, supraindividuais que afectan a todos os cidadáns no seu conxunto, entre os que se atopa o bo funcionamento da Administración , que é o interese xeral cuxa persecución se persigue.

Visto o disposto no artigo 110 da Lei de Axuízamento Criminal, que establece que:

“Las personas perjudicadas por un delito que no hubieren renunciado a su derecho podrán mostrarse parte en la causa si lo hicieran antes del trámite de calificación del delito y ejercitar las acciones civiles que procedan, según les conviniere, sin que por ello se retroceda en el curso de las actuaciones. Si se personasen una vez transcurrido el término para formular escrito de acusación podrán ejercitar la acción penal hasta el inicio del juicio oral adhiriéndose al escrito de acusación formulado por el Ministerio Fiscal o del resto de las acusaciones personadas.

Aun cuando las personas perjudicadas no se muestren parte en la causa, no por esto se entiende que renuncian al derecho de restitución, reparación o indemnización que a su favor puede acordarse en sentencia firme, siendo necesario que la renuncia de este derecho se haga en su caso de una manera clara y terminante.”

Visto que o Tribunal Supremo, en sentenza 254/2023, de 13 de abril recoñece a lexitimación dun concello para ser acusación particular (referida a un delito de suborno) aínda que non exista repercusión económica lesiva para a Corporación, si se atacan directamente os intereses da Administración, intereses que- indica- non poden identificarse en exclusiva co estritamente económico, pois abarcan aspectos menos materiais como é o bo funcionamento da Administración , e por iso non cabe negar a súa condición de ofendido, aínda que só sexa polo dano reputacional que, como corporación municipal, puido padecer. Sinala a dita sentenza, entre outras cousas, que:

“(..../....) Y en la STS 600/2014 de 3 de septiembre de2014, apuntábamos que "el bien jurídico atacado por el delito de prevaricación son aquellas conductas del funcionario público o autoridad que no adecua su actividad a los parámetros de



legalidad, objetividad e imparcialidad, en definitiva supone una actividad arbitraria y un abuso de poder que supone la negación de los principios que deben regir la función pública”.

En el caso que nos ocupa, al margen los eventuales prejuicios que se pudieran derivar al Ayuntamiento por los hechos delictivos objeto de investigación, no podemos negar su condición de ofendido, aunque solo sea por el daño reputacional que, como corporación municipal, ha podido padecer porque, aprovechando las ventajas de ampararse en él quien es Concejal, dicta una resolución que atenta su propio interés y prestigio, con lo que, contemplado desde este punto de vista, hay una razón más para rechazar la queja por haberse admitido su personación como acusación particular.(.../.../...)

Considerando que, de acordo coa sentenza anteriormente citada, o Concello de Cambre está lexitimado pola condición de ofendido, aínda que so sexa polo dano reputacional que, como Corporación pode padecer, iso sen prexuízo doutros eventuais prexuízos

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Primeiro.- Comunicar ao Xulgado de Instrución número 3 de A Coruña que a competencia para o exercicio de accións xudiciais está atribuída pola Lei de Administración Local de Galicia ao Pleno da Corporación, polo que a comunicación efectuada por quen foi alcaldesa en data 28 de febreiro de 2025 adoece dun vicio de invalidez por ser un órgano manifestamente incompetente para adoptar o acordo comunicado.

Segundo.- Comparecer o Concello de Cambre como acusación particular nas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0001700/2024 que se sustancian no Xulgado de Instrución número 3 de A Coruña.

Terceiro.- Dispoñer que pola alcaldía se proceda a designación, con carácter urxente de avogado ao efecto, solicitando orzamento aos seguintes Letrados: Xoán Antón Pérez Lema, Nuria Couceiro Gómez e Beatriz Seijo Méndez.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo ao Xulgado de Instrución número 3 da Coruña.

Aberta a quenda de intervencións (.../.../...).

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, LamelaVázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao producirse un empate efectúase unha nova votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao persistir o empate, de conformidade co establecido no artigo 118 do Regulamento orgánico municipal, decide o voto de calidade da presidenta, que manifesta que é a favor.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: LgG6iqimpXs7Sq12+75), que devén en acordo nos termos transcritos.”

II.- En data 3 de xuño de 2025, a concellería e voceira do grupo municipal Unión x Cambre, María Dolores Pan Lesta presentou escrito (núm. rexistro entrada 20259990003272) no que expón que formula recurso de reposición contra o acordo plenario referido no antecedente anterior.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- De conformidade co artigo 63.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local , ademais dos suxeitos lexitimados no réxime xeral do proceso contencioso-administrativo, poden impugnar os actos e acordos das entidades locais os membros das corporacións que votaran en contra deles.

A concelleira María Dolores Pan Lesta votou en contra do acordo impugnado polo que está lexitimada para interpoñer o recurso presentado.

Segunda.- Competencia e prazo para resolver o recurso

A competencia para ditar resolución verbo do recurso corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser o órgano que ditou o acto impugnado.

Polo que respecta ao prazo para ditar e notificar a resolución, de conformidade co disposto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas , é máximo dun(1) mes.

Terceira.- A análise dos motivos nos que se fundamenta o recurso debe realizarse partindo do estudo da natureza do acto administrativo impugnado.

En sentido amplo, o acto administrativo é todo acto xurídico ditado por unha Administración e sometido ao Dereito Administrativo, que se distingue dos actos xurídicos ditados pola Administración que non están sometidos ao Dereito Administrativo (actos de dereito privado, procesal, laboral, etc)

Segundo a definición de Zanobini, o acto administrativo sería a declaración de vontade, de xuízo, de coñecemento ou de desexo realizada pola Administración no exercizo dunha potestade administrativa distinta da potestade regulamentaria.

A declaración administrativa na que o acto consiste preséntase, pois, como o exercizo dunha potestade administrativa. Exclúense os actos que expresan a capacidade e titularidade de dereitos comúns das Administracións (actos privados, procesuais, etc); así a Sentenza de 21 de febreiro de 1981 declara “ no ser suficiente que formalmente sea dictado un acto por un órgano de la Administración, sino que la materia sobre la que verse su contenido sea administrativa y no lo es, según el art. 2 LJ aquella que aunque relacionada con actos de la Administración Pública, se atribuya por una Ley a la jurisdicción social o a otra jurisdicción”.

Por outra parte, sobre esta nota edifícase a relevancia xurídica dos actos administrativos: en canto son expresión dunha potestade, producen os efectos xurídicos que tal potestade ten como propios (especialmente innovar ou conservar situacións xurídicas).

Sentado o anterior, cómpre ter en conta que acto xurídico examinado (acordo plenario de data 13 de maio de 2025) é un acto que, en canto ao contido , refírese a unha materia regulada polo dereito procesal, en concreto, pola Lei de Axuizamento Criminal , polo que dende o punto de vista material non se rexe polo dereito administrativo, que si é aplicable no que atinxe ao procedemento de produción da manifestación da vontade de comparecer como acusación particular nas dilixencias previas citadas.

Entrando nas específicas alegacións nas que fundamenta a recorrente o seu recurso cómpre sinalar o seguinte:

4.1.- Alega como un dos motivos de impugnación a vulneración da condición prevista no artigo 110 da Lei de Axuizamento Criminal.

Sobre este extremo sinalar que , como se indicou, en canto ao aspecto material o acto de comparencia como acusación particular réxese polo dereito procesal, polo que non é competencia do Concello o exame do cumprimento dos requisitos contidos no dito precepto legal , senón que corresponde ao Xulgado . Así a Sentenza do Tribunal Supremo 495/2005, de 12 de abril estableceu que a interpretación dos ditos requisitos corresponde ao órgano xurisdiccional na forma máis favorable á efectividade do dereito consagrado no artigo 24.1 da Constitución Española.

4.2.- En segundo lugar alega a recorrente que non é certo que a resolución do 28 de febreiro careza de validez, que segue a ser válida e eficaz, pois non foi contradita formalmente polo Concello a presunción de validez , e que a única forma



de anular formalmente a Resolución do 28 de febreiro non é outra que a declaración de lesividade de acto anulable, isto é , iniciar un expediente de lesividade de acto anulable , polo que , ao prescindirse dese procedemento, o acordo do 13 de maio devén nulo de pleno dereito.

En relación a esta alegación, polo que respecta á competencia para a adopción do acordo de persoase como acusación particular nas diligencias previas citadas, e reiterando o criterio sostido por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións::

O artigo 110 da Lei de Xuizamento Criminal establece que:

“Las personas perjudicadas por un delito que no hubieren renunciado a su derecho podrán mostrarse parte en la causa si lo hicieran antes del trámite de calificación del delito y ejercitar las acciones civiles que procedan, según les conviniere, sin que por ello se retroceda en el curso de las actuaciones. Si se personasen una vez transcurrido el término para formular escrito de acusación podrán ejercitar la acción penal hasta el inicio del juicio oral adhiriéndose al escrito de acusación formulado por el Ministerio Fiscal o del resto de las acusaciones personadas.

Aun cuando las personas perjudicadas no se muestren parte en la causa, no por esto se entiende que renuncian al derecho de restitución, reparación o indemnización que a su favor puede acordarse en sentencia firme, siendo necesario que la renuncia de este derecho se haga en su caso de una manera clara y terminante.”

A lexitimación procesual , que ven referida ao “poder de conducción procesal” que habilita a acusación particular para persoarse e intervenir plenamente no proceso penal en calidade de parte, require a existencia dun prexuízo pola presunta comisión do delito.

O Tribunal Supremo, en sentenza 254/2023, de 13 de abril recoñece a lexitimación dun concello para ser acusación particular (referida a un delito de suborno) aínda que non exista repercusión económica lesiva para a Corporación, si se atacan directamente os intereses da Administración, intereses que- indica- non poden identificarse en exclusiva co estritamente económico, pois abarcan aspectos menos materiais como é o bo funcionamento da Administración , e por iso non cabe negar a súa condición de ofendido, aínda que só sexa polo dano reputacional que, como corporación municipal, puido padecer. Señala a dita sentenza, entre outras cousas, que:

“(.../...) Y en la STS 600/2014 de 3 de septiembre de2014, apuntábamos que “el bien jurídico atacado por el delito de prevaricación son aquellas conductas del funcionario público o autoridad que no adecua su actividad a los parámetros de legalidad, objetividad e imparcialidad, en definitiva supone una actividad arbitraria y un abuso de poder que supone la negación de los principios que deben regir la función pública”.

En el caso que nos ocupa, al margen los eventuales prejuicios que se pudieran derivar al Ayuntamiento por los hechos delictivos objeto de investigación, no podemos negar su condición de ofendido, aunque solo sea por el daño reputacional que, como corporación municipal, ha podido padecer porque, aprovechando las ventajas de ampararse en él quien es Concejal, dicta una resolución que atenta su propio interés y prestigio, con lo que, contemplado desde este punto de vista, hay una razón más para rechazar la queja por haberse admitido su personación como acusación particular.(.../...)”

Polo que respecta á competencia para a personación , cómpre partir do sinalado no artigo 19 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local(LBRL), que dispón que o goberno e a administración municipais corresponde ao Pleno como órgano de carácter electivo, integrado polos concelleiros e presidido polo Alcalde, e que , entre as súas competencias, ten a potestade de control sobre todos os órganos municipais. O exercicio desta función de control e fiscalización intégrase tamén por aquelas funcións que teñan ese obxecto e finalidade, sempre que concorran razóns de interese xeral.

Así o artigo 19 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local(LBRL), dispón que o goberno e a administración municipais corresponde ao Pleno como órgano de carácter electivo, integrado polos concelleiros e presidido polo Alcalde, e que , entre as súas competencias, ten a potestade de control sobre todos os órganos municipais. O exercicio desta función de control e fiscalización intégrase tamén por aquelas funcións que teñan ese obxecto e finalidade, sempre que concorran razóns de interese xeral.



Polo que respecta ás accións penais, débese ademáis ter en conta que dado que o ordenamento penal tutela bens xurídicos de diversa índole, e que xunto a bens xurídicos individuais, protexe tamén "bens xurídicos colectivos", supraindividuais que afectan a todos os cidadáns no seu conxunto, entre os que se atopa o bo funcionamento da Administración, que sería o interés xeral cuxa persecución se persigue, entende a que subscribe que non resulta posible unha delimitación material en sentido estricto, e os intereses xerais afectados remiten á competencia do Pleno, como máximo órgano de representación da comunidade local.

De soste un criterio distinto, sinalar que a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 64.2 l) atribúe ao Pleno, entre outras, a atribución relativa a) l) Ejercitar las acciones administrativas y judiciales".

Tamén por aplicación da normativa estatal (artigo 22 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) o Pleno da Corporación tería competencia para a adopción do acordo verbo da acción citada, xa que á vista da documentación solicitada a este Concello polo xulgado de instrución número 3 as dilixencias refírense, alomenos, a determinados contratos nos que o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación.

Por iso, a xuízo desta Secretaría a alcaldía non era o órgano competente para acordar o comunicado ao Xulgado en data 28 de febreiro de 2025.

E polo que respecta ao alegado verbo de que a única forma de anular formalmente a comunicación do 28 de febreiro é a declaración de lesividade de acto anulable, sinalar que, a xuízo da que subscribe, ao non ter a dita comunicación efectos fronte a terceiros e tratarse, polo tanto dun acto que afecta só ao propio Concello, non se considera necesario seguir o procedemento de lesividade para a súa anulación como requisito previo para a adopción polo Pleno do acordo de data 13 de maio de 2025, órgano que é o competente para a súa adopción.

Ademais do anterior, iría en contra do dereito á tutela xudicial efectiva recollido no artigo 24.1 da Constitución Española demorar a comparecencia acordada polo Pleno, máximo órgano representativo - co risco de non poder exercer a acción (pénsense que o personamento como acusación particular no proceso penal só pode realizarse antes do trámite de cualificación do delito)- por tramitar un procedemento de declaración de lesividade dun acto que, como se indicou, non afecta a terceiros, senón reflexivamente ao propio Concello.

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe procede a desestimación do recurso de reposición presentado.

É o que expoño neste informe, coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito."

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso presentado pola concelleira, voceira do grupo municipal Unión x Cambre, María Dolores Pan Lesta contra o acordo plenario adoptado en sesión de data 13 de maio de 2025 polos motivos expostos no informe de secretaria transcrito na parte expositiva deste acordo.. Consecuentemente, desestimar a solicitude de suspensión da execución do referido acordo..

Segundo .- Notificar o presente acordo á concelleira María Dolores Pan Lesta.

Contra este acordo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa e artigos 123.2 e 124.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña



ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sra. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción da Alcaldía de data de data 20 de xuño de 2025 (CVD: Vp0cuvZ10sgk841VYppa), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:43:30 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:43:33 horas

A Sra. Presidencia intervéñe e somete a votación ordinaria a urxencia da moción do grupo municipal de AV, rexistrada de entrada ao núm. 202599900003832 o día 19 de xuño de 2025, para a conexión da vía Ártabra coa AP-9, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, quen dá lectura á moción que transcrita di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS PARA A CONEXIÓN DA VÍA ÁRTABRA COA AP-9



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Coruña, tal e como denunciámos constantemente, presenta un importante déficit de infraestruturas viarias, así como de medios de transporte público, axustados ás necesidades reais de mobilidade de cidadanía e empresas.

Entre outras actuacións pendentes que mellorarían notablemente o tráfico, a máis transversal é a vía Ártabra: a gran circunvalación da comarca coruñesa que dará servizo a concellos e polígonos industriais de Cambre, Bergondo, Sada, Oleiros, Culleredo, Arteixo e A Coruña, creando conexións directas coa AP-9, a A-6 e outras vías principais. A vía Ártabra permitirá tamén aliviar o tráfico de forma xeral na rede viaria metropolitana, desconxestionando especialmente a Costa da Tapia en Cambre, a estrada da costa de Sada e Oleiros e a ponte da Pasaxe.

A primeira fase da vía Ártabra, desde o porto de Lorbé ata AP-9, sería xa neste momento unha realidade de non ser polo anterior Goberno de Cambre que atopou un subterfuxio legal para que a xustiza paralizase a obra por erros administrativos cometidos polo Goberno autonómico bipartito.

Pasados xa máis de 4 anos desa sentenza xudicial, non se entende que a Xunta de Galicia continúe sen reiniciar os trámites para retomar a obra.

Non se pode frear durante máis tempo unha infraestrutura supramunicipal clave para o progreso da comarca da Coruña no seu conxunto, máis se cabe co grave problema de mobilidade existente na área metropolitana máis importante de Galicia.

Polo exposto o grupo municipal de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno os seguintes acordos:

- 1.- Reclamar á Xunta de Galicia a realización con urxencia de todos os trámites necesarios de forma correcta para a contratación da obra da vía Ártabra entre Iñas e A Gándara para a súa conexión coa AP-9.
- 2.- Reclamar á Xunta de Galicia a iniciar a redacción do proxecto para continuar a vía Ártabra ata a A-6, unha vez se aprobe o proxecto de conexión coa AP-9.
- 3.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e aos concellos da Área Metropolitana da Coruña.»

Interveñen o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de AV de data 19 de xuño de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción de AV de data 19 de xuño de 2025.



4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:16:13 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Do escrito procedente da Deputación Provincial da Coruña, rexistrado de entrada o día 2 de xuño de 2025, co núm. 202590000001521, polo que se dá traslado da moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a conexión da vía Ártabra coa AP-9, que foi aprobada polo Pleno provincial, na sesión ordinaria celebrada o 30 de maio de 2025.

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:16:43 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 150 resolucións numeradas da 490 á 639 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|---|
| 490/2025 | 27-05-2025 | Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 27 de maio de 2025, ás 10.00 horas |
| 491/2025 | 27-05-2025 | Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 10.720,50 euros |
| 492/2025 | 27-05-2025 | Ordenar a ETG que roce a vexetación existente na finca sita no lugar de San Marcos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e art. 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público |
| 493/2025 | 27-05-2025 | Substituír ao concelleiro don Juan González Leirós como representante deste Concello no órgano reitor da Xunta de Compensación do sector de solo urbanizable da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da estrada N-VI, sito no Temple, por don Rubén Vázquez Pérez, concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, isto de conformidade co artigo 123-5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia |
| 608/2025 | 18-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de novembro de 2024 |
| 609/2025 | 18-06-2025 | Aprobar a realización "Programa Mañanceiro" no curso escolar 2025-2026 e as súas condicións de desenvolvemento: |
| 610/2025 | 18-06-2025 | Rectificar o punto primeiro dos acordos da Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo número 591/2025, do 16 de xuño (corrección de erro no 2º apelido da solicitante) |
| 611/2025 | 18-06-2025 | Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de agosto de 2024 |
| 612/2025 | 18-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de agosto de 2024 |
| 613/2025 | 18-06-2025 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EGJ |
| 614/2025 | 18-06-2025 | Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico (Nº de expedientes: 5. Total importe principal: 880,00 euros) |
| 615/2025 | 18-06-2025 | Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, SL. |
| 616/2025 | 18-06-2025 | Dar acceso a dona MDPL ao expediente de contratación 2024/C003/000007 correspondente á obra "Reposición de césped sintético |

| | | |
|----------|------------|--|
| | | <i>del campo de fútbol municipal de Lendoiro y mejora de la iluminación en los campos de Lendoiro y Dani Mallo. Cambre"</i> |
| 617/2025 | 19-06-2025 | Comparecer no procedemento abreviado PA 125/2025 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial (demanda interposta pola representación procesual de BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas SL |
| 618/2025 | 19-06-2025 | Aprobar facturas e gastos por importe de 2.054,05 euros. |
| 619/2025 | 19-06-2025 | Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MELC |
| 620/2025 | 19-06-2025 | Aprobar, con efectos do 1 novembro, a relación de 4 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 no mes de novembro |
| 621/2025 | 20-06-2025 | Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + ADICIONAL 2/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 |
| 622/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa o recibo seguinte que se incluíu no padrón da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal 2024, por incorrer nun erro nos datos identificativos do obrigado tributario, NIF, así como todas as actuacións posteriores derivadas do mesmo. Dar de Baixa no padrón fiscal da Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal por falta de datos identificativos do obrigado tributario. |
| 623/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa os recibos que se incluíron nos padróns fiscais aprobados da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, anualidades 2018 a o 2024, non prescritos, emitidos polo Obxecto tributario: vao laboral FRANCISCO RODRIGUEZ, 1 - TEMPLE; número fixo 503000414928; importe anual: 195,00 euros, así como todas as actuacións posteriores derivadas dos mesmos, por terse aprobado por resolución de alcaldía do día 17 de decembro de 1998, tomar coñecemento da renuncia á licenza e do pechamento da actividade, e non realizarse o feito imponible da taxa, procedendo a baixa no padrón fiscal da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase. |
| 624/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan, nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de maio de 2025 |
| 625/2025 | 20-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao |

| | | |
|----------|------------|--|
| | | Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de maio de 2025 |
| 626/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 30 de abril de 2025 |
| 627/2025 | 20-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de abril de 2025 |
| 628/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de marzo de 2025 |
| 629/2025 | 20-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de marzo de 2025 |
| 630/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 28 de febreiro de 2025 |
| 631/2025 | 20-06-2025 | Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan a continuación nas datas que constan. Baixas xestionadas entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2025 |
| 632/2025 | 20-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 28 de febreiro de 2025 |
| 633/2025 | 20-06-2025 | Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo |

| | | |
|----------|------------|---|
| | | régime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2025 |
| 634/2025 | 20-06-2025 | Aprobar a liquidación do orzamento de 2024 |
| 635/2025 | 20-06-2025 | Considerar desistido a IUP, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 06/05/2025 e núm. de rexistro de entrada 202500200000516, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento. |
| 636/2025 | 20-06-2025 | Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7, en concreto para recibo de alugueiro, solicitada con data 15/07/2024 e con número de rexistro de entrada 202400300000510, por non cumprir o requisito establecido no artigo 7 de estar os conceptos perfectamente detallados e desagregados e en ningún caso ser incluídos gastos de comunidade, limpeza de escaleiras ou outros relativos a bens comúns. Solicitante: JPR |
| 637/2025 | 20-06-2025 | Levantar, ao abeiro do informe asinado o 05.06.2025 polo auxiliar de Réxime Interior coa conformidade da xefa da Unidade de Réxime Interior, os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no seu informe referencia LMR – providencia facturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/001951 de data 18 de xuño de 2025, entre outras, en relación ás facturas núm. 25 2446, núm. 25 4928 e núm. 25 4854 emitidas por LANDIN INFORMATICA, S.L. Aprobar as facturas por importe total de 1.499,52 euros |
| 638/2025 | 20-06-2025 | Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 26 de xuño de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas |
| 639/2025 | 20-06-2025 | Modificar a orde do día da convocatoria do Pleno ordinario a celebrar o vindeiro xoves 26 de xuño de 2025, ás 11:00 horas |

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

| |
|--|
| Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de maio de 2025 |
| - Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación que consta na plataforma TEdC ao núm. 2024/C005/000012, relativo á subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), con base no acordo marco formalizado o 16 de outubro de 2024, cun valor estimado de 661.134,46 euros, e cun orzamento base de licitación de 661.134,46 euros sen IVE (799.972,70 euros IVE incluído). |
| Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2025 |
| - Proposta relativa á prórroga por un ano máis, ata o 21.08.2026, do contrato do servizo de "Roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leiras do Concello de Cambre". Expediente núm. 2023/C004/000007 |
| - Proposta relativa á declaración de deserto do expediente de contratación da obra denominada "Reforma integral de la plaza Fernando Buesa – El Temple". Expediente núm. 2023/C003/000013 |

- Proposta relativa á adxudicación do contrato de “Organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais” – Exped. 2024/C004/000003

- Lote 1 “Servizo de organización e desenvolvemento do módulo de actividades e dos módulos de complemento educativo” a prol de Hebe Sport, S.L., no prezo ofertado de 169.614,04 euros sen IVE (186.575,44 euros IVE incluído)
- Lote 2 “Servizo de catering” a prol de “Osventos Innovación en Servizos, S.L.”, no prezo ofertado de 51.468,06 euros sen IVE (56.614,87 euros IVE incluído)

- Proposta relativa á adxudicación do contrato dos “Servizos de prevención de riscos laborais e medicina do traballo do Concello de Cambre”. Exped. núm. 2024/C004/000020, a prol de “Aspy Prevención, S.L.U.”, no prezo total ofertado, para 2 anos, de 13.432,00 euros sen IVE (14.944,00 euros IVE incluído) e coas melloras ofertadas (16 recoñecementos médicos adicionais e 10 horas de formación e sensibilización presencial)

- Proposta relativa á contratación da prestación do servizo de mediación de riscos e seguros para o Concello de Cambre, mediante contrato baseado no acordo marco do ano 2024 da Central de Contratación da FEMP. Exped. núm. 2025/C006/000002:

- Lote 1: Seguro de responsabilidade civil patrimonial, de responsabilidade civil dos seus altos cargos e persoal electo ao servizo de entidades locais e entes dependentes, de responsabilidade civil de profesionais ao servizo de entidades locais e entes dependentes, ciberseguridade e outros riscos vinculados á responsabilidade civil en actividades profesionais, a prol de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
- Lote 2: Seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes e outros riscos vinculados a danos materiais, a prol de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
- Lote 3: Seguro colectivo de accidentes e vida para entidades locais e entes dependentes e outros riscos vinculados a danos sobre as persoas, a prol de UTE MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS Y DEASTERRA PARTNESRS, S.L.
- Lote 4: AON IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGRUUS S.A.U.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de xuño de 2025

- Proposta de aprobación do expediente de contratación da obra “*Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del Apeadero Cecebre*”, incluída no POS+ Adicional 20/2023 - Expediente núm. 2024/C003/000006

4.3. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 634/2025, DO 20 DE XUÑO, DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2024

Acceso á videoacta – 01:17:01 horas

A Presidencia dá conta da Resolución núm. 634/2025, do 20 de xuño, que transcrita di:

«RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Vistos os estados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2024 formulados e informados pola Intervención municipal no expediente 2025/G003/000642 (CVD: B9WzZBmkZViHuAF7uOIF; CVD: eVMbqUzcc5mQwHILGvxm).

Visto o establecido no artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.



En uso das atribucións que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 396/2025, do 30 de abril,
RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2024 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

| Orzamento de gastos | Euros |
|-------------------------------------|---------------|
| Créditos iniciais | 21.080.437,96 |
| Modificacións | 9.956.555,48 |
| Créditos definitivos | 31.036.993,44 |
| Gastos comprometidos | 16.380.413,56 |
| Obrigas recoñecidas netas | 14.835.905,09 |
| Pagamentos ordenados | 14.779.348,57 |
| Pagamentos realizados | 14.762.827,96 |
| Obrigas pendentes de pago a 31/12 | 73.077,13 |
| Remanentes de crédito | 16.201.088,35 |
| | |
| Orzamento de ingresos | Euros |
| Previsións iniciais | 21.080.437,96 |
| Modificacións | 9.956.555,48 |
| Previsións definitivas | 31.036.993,44 |
| Dereitos recoñecidos | 24.109.906,21 |
| Dereitos anulados | 820.788,01 |
| Dereitos cancelados | 2.925,10 |
| Dereitos recoñecidos netos | 23.286.193,10 |
| Recadación neta | 22.377.701,49 |
| Dereitos pendentes de cobro a 31/12 | 908.491,61 |
| Exceso de previsión | 7.750.800,34 |

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 1.609.704,08 euros,
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.016.639,73 euros,
- acredores por operacións devengadas a 31/12, 5.526.764,63 euros,
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 7.547.177,09 euros,
- remanente de tesourería total, 30.602.469,38 euros,
- exceso de financiamento afectado, 2.001.803,84 euros,
- remanente de tesourería para gastos xerais, 28.269.502,42 euros,
- aforro neto, 5.799.391,12 euros,
- capacidade de financiamento, 6.772.490,46 euros polo que cumpre co obxectivo de estabilidade.
- gasto computable resultante da liquidación do Orzamento de 2024, 13.852.728,82 euros, sendo o gasto computable derivado da liquidación de 2023 de 15.312.922,54 euros, polo que cumpre coa regra de gasto.



- porcentaxe de débeda viva sobre ingresos correntes: 9,70 % por cento, cumprindo co obxectivo de límite de débeda.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2024 á Consellería de Facenda e Administración Pública, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com, e ao Ministerio de Facenda mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local.

Terceiro: Dar conta desta resolución ao Pleno municipal na vindeira sesión que teña lugar.»

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

4.4. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:16:13 horas

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900003862 o día 20 de xuño de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:34:37 horas

Lee o rogo a Sr. Mallo Castro.

“Rogamos se proceda a estudar o escrito asinado por varios axentes da policía local onde aseguran que se cometeron unha serie de erros no informe de cómputo da xornada laboral feito por un funcionario da área de Réxime Interior e de ser así, se proceda de forma inmediata a corrixir o dito informe, e trasladalo tanto ao pleno municipal como aos xulgados onde se están a desenvolver procedementos xudiciais onde este informe é fundamental.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Mallo Castro.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:36:35 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“Visto que neste pleno se trouxo como dación de conta a resolución de alcaldía de liquidación do orzamento 2024 e visto que existe un acordo plenario de outubro de 2024 polo que se aproba o suplemento de crédito para a obra de mellora do campo de fútbol de Lendoiro, rogamos se incorporen os créditos do suplemento ao orzamento para poder licitar e adxudicar neste ano a obra do campo de fútbol de Lendoiro para dar solución ao mal estado da instalación deportiva que está a causar numerosas lesións entre os usuarios tal e como se explicou no pleno no que se aprobou o dito suplemento de crédito.”



O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900003855 o día 20 de xuño de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:37:50 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Queremos reiterar o seguinte rogo, que non puidemos trasladar no anterior pleno debido a un erro de redacción, segundo indicou a Presidencia. Unha vez corrixido o devandito erro, procedemos a presentalo de novo:

Solicitamos que se elabore e nos sexa trasladado un informe actualizado sobre a situación na que se atopan as obras incluídas no POS+ correspondentes ao exercicio 2021, que foron aprobadas e que, a día de hoxe, continúan pendentes de execución.

É imprescindible ter en conta que todas aquelas actuacións vinculadas ao POS+ 2021 que non estean debidamente certificadas antes do 30 de novembro de 2025 perderanse, o que supoñería un grave prexuízo para o municipio. Por iso, ademais de coñecer o estado actual de tramitación ou execución das devanditas obras, consideramos necesario dispoñer dun informe detallado coas previsións e prazos estimados para a súa finalización, co fin de poder adoptar, no seu caso, as medidas necesarias que garantan a súa correcta execución en tempo e forma.

Cabe lembrar, ademais, que una das actuacións incluídas no POS+ 2021 é a correspondente á obra da Praza Fernando Buesa, cuxa execución, como o resto, é urxente e prioritaria”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:39:38 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Rogamos que se nos traslade, por escrito, información clara e actualizada sobre a continuidade das actividades municipais a partir do mes de setembro, así como que a dita información sexa tamén comunicada expresamente aos usuarios. Tras recibir informacións contraditorias respecto da finalización das actividades neste mes de xuño, moitos usuarios manifestaron a súa preocupación pola súa posible interrupción. Consideramos fundamental que se confirme oficialmente a súa continuidade para garantir a tranquilidade das persoas que participan habitualmente nestas actividades.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:41:06 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Rogamos ao equipo de goberno que revise o sistema de xestión da aplicación de avisos do Concello de Cambre, xa que estannos chegando numerosas queixas de veciños que afirman non recibir resposta ás



peticións que envían por esta vía. Solicitamos que se aclare o protocolo de atención e seguimento destas solicitudes e que se garanta unha resposta eficaz e en prazos razoables.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO E ORALMENTE

Rexistrado de entrada ao núm. 202599900003863 o día 20 de xuño de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcrito di:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:41:52 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“En relación coas obras que quedaron pendentes de remate nos paseos que arrodean a ría do Burgo, e no que atinxe a Cambre, estamos á espera de saber cales foron os pasos dados na súa reclamación, e en que punto se atopan. E polo que SOLICITAMOS: Que se leven a cabo a maior urxencia, cara a ver unha obra rematada con efectividade, para o disfrute da xente.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Castro Uzal.

2º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 01:46:07 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula o seguinte rogo:

Di que rogan que dunha vez se fagan as xestións necesarias para saber o estado para a aptitude do baño na ría do Burgo; que seguen sen sabelo.

3º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 01:46:25 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula o seguinte rogo:

Di que respecto da apertura dos locais onde se garda material que se utiliza para as diferentes festas, que teñen coñecemento de que a súa apertura, para a retirada dos taboleiros e demais, é só á mañá. Di que, entón, que lles parece que polo menos durante o tempo de estío, que se teña previsto a apertura, tendo en conta que moita xente non está xubilada como ela, traballa e ten que ir pola tarde e ao mellor un pouco a desora. Pide que se teña en conta isto.

ROGO DE UXC PRESENTADO ORALMENTE - Acceso á videoacta – 01:47:08 horas

O Sr. Mallo Castro formula o seguinte rogo:

Di que en comisións informativas solicitaron un informe policial sobre o cambio de sentido da rúa Rocón e que se lles facilitou efectivamente un informe técnico. Di que con todo o respecto para o funcionario que o redactou, que non é un informe policial, e que entón eles, dado que a seguridade viaria dentro do núcleo urbano compete á Policía Local, di que rogan, de cara a esa seguridade viaria, se lles faga chegar o informe da Policía Local para saber como se resolve o problema cos vehículos pesados, é dicir, camións, furgonetas de reparto, vehículos de tracción, autobuses. E di que antes de rematar, tamén, ao mellor di que non entendeu ben, pero di que a Sra. alcaldesa dixo que ía explicar por que retirou o punto 2, onde se falaba da ordenanza fiscal e non sabe se o vai explicar no pleno ou se o vai explicar con posterioridade.



ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900003865 o día 20 de xuño de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:16 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Hai un par de semanas estiveron pintando a estrada O Temple - Cambre, competencia da deputación, foron varias as queixas recibidas por este grupo político, así como apreciadas directamente por nós, sobre a nula ou mala sinalización, motivo para rogar unha maior supervisión para a seguridade dos nosos veciños.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:41 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Rogamos se nos facilite o planning de roza, xa que non se ve que se estea seguindo ningún criterio e a un ritmo que non se merecen os nosos veciños.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:49:36 horas

PREGUNTAS DE UxC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003862 o día 20 de xuño de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª, 2ª e 3ª preguntas - Acceso á videoacta – 01:49:46 horas

Lee as preguntas a Sra. Pan Matos.

“1ª É certo que a señora Espiñeira Galán en compañía dunha persoa allea ao goberno e integrante da lista do BNG, entrou nos locais municipais cuxo uso foi cedido á Asociación de Veciños do Temple, á Asociación Cambre Empresarial, á Asociación de Voluntariado de Cambre ou á Asociación Mestura, entre outras, sen nin sequera avisar de que ía ir?”

2ª Quen acompañaba á señora Espiñeira cando entrou sen permiso das asociacións nuns locais cuxo uso teñen cedido?”

3ª Que papel ten a persoa que acompañaba á concelleira no goberno de Diana Piñeiro?”



A Sra. Espiñeira Galán contesta as preguntas.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO E ORALMENTE

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003855 o día 20 de xuño de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:51:31 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“En que situación está o contrato do Mañanceiro para o curso 2025/2026 ?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:06 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Dada a altura do ano na que nos atopamos e considerando a relevancia da Open Science, ¿poden indicarnos como está previsto desenvolver este ano a celebración do dito evento?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta (presentada oralmente) - Acceso á videoacta – 01:52:27 horas

A Sra. Rodríguez López formula a seguinte pregunta:

Di que como xa o explicaron anteriormente, o departamento de Servizos Sociais queda con só dúas traballadoras sociais a partir do 26 de xullo, e pregunta como pensa o goberno municipal solucionar esta situación para garantir que Cambre non quede sen traballadora social e se manteña unha atención axeitada á cidadanía, xa que non poden contar co reforzo da traballadora social do POS+, ao que antes se referiu o concelleiro do Partido Popular, xa que esta dedicárase ao SAF.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO E ORALMENTE

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003863 o día 20 de xuño de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:53:41 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Tanto as comisións informativas, como os plenos, son actos de control e fiscalización, que requiren dunha seriedade tanto na parte política como administrativa. Máis vémonos na situación, de traer unha e outra vez asuntos, que se ben son aceptados, nunca se resolven, e nin hai explicación a tales feitos. Señora alcaldesa e concelleiros do goberno: nós facemos os deberes con rigorosidade, e polo tanto esperamos que a resposta necesaria se produza nos mesmos termos, sen subtraer os dereitos da veciñanza con estas actitudes, e facendo esgotador o traballo das concelleiras e concelleiros, neste caso falo polo BNG,



que entendemos que é tempo de mudar estes comportamentos. Poden dunha vez, (por poñer un exemplo) darnos a relación dos locais municipais, e das actividades que alí se desenvolvan?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:55:29 horas

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

“O asunto das colonias felinas en Cambre segue a ser unha incógnita en canto á solución que se lles vai dar. Poden concretarnos en que punto se atopa a solución?”

O Sr. Lamela Vázquez contesta a pregunta.

3ª pregunta (presentada oralmente) - Acceso á videoacta – 01:57:09 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula a seguinte pregunta:

Di que vai referida á hixiene, lavado de roupa, etc. Di que a cor da auga pasa do marrón, ao mellor ás 10 da mañá, un pouco máis clariña despois de xantar e levan anos con iso. Di que a resposta de Emalcsa é que está todo correcto, e a resposta por parte do concello, díxose xa na época de Óscar García Patiño, que podía ser por encher as piscinas, e non sei que.

Continúa dicindo que non poden seguir tendo esta auga. Di que vai personalizar nela, que ela ten unha filtradora de auga que utiliza auga da billa, que non tiña ningún tipo de remanente na casa dunha botella, e que non pode pasar esa auga marrón, porque di que hai que ver como queda de marrón, que non podes lavar e non podes filtrar e tes que ir de urxencia a comprar unhas botellas de auga, ou ir a unha fonte cuxo análise de auga, unha que ten preto, loxicamente ao ser de captación natural non se pode seguir o seu saneamento, a súa salubridade, e entón ela cre que a isto haille que dar prioridade, con Emalcsa ou con quen sexa, pero que non poden estar así todos os anos, gastando os cartos, di que con lavadoras que se estragan, que a ela non se lle estragou, pero que entende que hai xente á que se lle estraga. Di que a pregunta é que vai facer o equipo de goberno respecto da presión e actos para solucionar esta situación.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900003865 o día 20 de xuño de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:59:09 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Non é o primeiro verán que temos problemas de servizos no centro de saúde, en especial pediatría, atendendo incluso aos concellos limítrofes. Que previsión de cobertura de prazas de pediatría hai de cara á campaña de verán?”

O Sr. Gonzalo Lamela responde a pregunta. Intervenien o Sr. Varela Fraguío e a Sra. Lauda Fernández.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:51 horas



Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“En que situación se atopa a planta superior do centro de saúde que antes ocupaba a biblioteca?”

A Sra. Espiñeira Galán responde a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)
Pilar María Pastor Novo